PRESENTACION DO DOCUMENTAL

# A LUZ DO NEGRO

## O volframio da Brea e o poboado do Fontao

MEMORIAS DE VIDA EN VIVO

Cine do Poboado do Fontao
7 de Decembro de 2013

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Presentación do documental

# MEMORIAS DE VIDA EN VIVO. A LUZ DO NEGRO
## O volframio da Brea e o poboado do Fontao

7 de decembro ás 18:00 h no cine do poboado do Fontao

Presentan o acto:
- María Xosé Agra Romero. Coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG
- Encarna Otero Cepeda. Membro da Comisión de Igualdade do CCG e directora do documental

Seguindo a liña traballo da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega destinada á elaboración de vías e medidas que permiten pór en valor e dar visibilidade ás contribucións das mulleres á cultura galega e universal, Memorias de vida en vivo é un proxecto interdisciplinar encamiñado a recuperar testemuños, imaxes e voces de mulleres galegas que traballaron e viviron en tempos xa mudados, e que hoxe son aínda memoria viva. A historia oral é unha forma de investigación imprescindíbel para coñecer persoas, relacións e aspectos da realidade social pouco investigadas e que non deixaron pegada nas fontes ordinarias, máis abondosas nas pescudas académicas. As mulleres, polo xeral silenciadas e invisibilizadas, fan parte da historia; por iso a súa memoria se configura como unha fonte viva e rica para coñecela en toda a súa amplitude. Cómpre recoller os seus testemuños antes de que desaparezan para así dar conta dunha realidade social que situou e sitúa a vida e o traballo de moitas mulleres como parte da economía chamada "informal", é dicir, fóra dos circuítos regrados.

# MEMORIAS DE VIDA EN VIVO. A LUZ DO NEGRO

**SINOPSE:**
No ano 1939, a Brea era unha das grandes minas de volframio activas a nivel mundial. Axentes aliados e alemáns releaban pola compra do “ouro negro”, do mineral estratéxico para o armamento da II Guerra Mundial. Isto xera unha febre mineira que ocupou miles de homes e mulleres na súa procura. Fálase de arredor de 6000 persoas traballando na zona. O prezo de até 200 pesetas quilo no mercado do estraperlo explicaría esta afluencia.

Ás mulleres non se lles permitía traballar nas galerías nin na fábrica, mais, contratadas pola empresa concesionaria, fixeron traballos auxiliares como lavado e separación do mineral. Ademais, atendendo as propias testemuñas, ponse en relevo que son moitas as que van desenvolver unha importante actividade vinculándose en cuadrillas de aventureir@s, nas concesións independentes, nos equipos de recuperación e participando tamén nas redes de estraperlo do mineral. Asemade a riqueza e as necesidades da mina requirían que as mulleres se implicasen tamén no traballo e xestión de tabernas, salóns de baile e casas de xantar, do alugamento de espazos de vivenda, cuartos e hostais para pasar a noite, etc. Actividades concentradas con frecuencia no “bairro de madeira”, próximo á entrada da mina. Cómpre salientar, tamén, a presenza dun gran número de presos da represión franquista traballando na mina e a presenza de grupos da guerrilla antifranquista e do Partido Comunista, que, na clandestinidade, van ter unha importante actividade na zona.

A construción do poboado mineiro do Fontao na década dos cincuenta do século XX e o feito de que a actividade mineira da Brea, aínda que se vai reducindo paulatinamente, se prolongue ata a década dos sesenta fan deste territorio da Brea unha fonte rica de testemuñas, de mulleres que coa súa memoria nos achegan a realidade da vida na mina, amosando particularidades concretas e ben diferentes do que vivían moitas outras na Galiza dos anos corenta, anos de represión, fame, miseria, escuros e de tanta dor. Agardamos que Memorias de vida en vivo. A luz do negro alumeen un mundo, o da minaría, onde as mulleres sempre fican ocultas.

**CRÉDITOS**
**Directora:** Encarna Otero Cepeda
**Realizadores:** Beatriz Pérez Mosquera, Manuel Gago Mariño
**Fotografía e imaxe:** Teresa Navarro Quinteiro
**Testemuñas participantes:** Juventina Blanco Rodriguez,Jose Parcero Silva,Celsa Vazquez Fernandez,Visita Perez Lopez, Pura Villanueva Varela

**Agradecementos:**
Lourdes Mato Vilela
Asociación Veciñal Minas da Brea
Persoal responsable do mantemento da mina e da fábrica
Rosa Rodríguez Gómez
Pepe Montero López
Arquivo O Faiado da Memoria
Fondo José Luís Leal Soto

**ORGANIZA:**
**Asociación Veciñal Minas da Brea**
**Consello da Cultura Galega**

**LUGAR DE REALIZACIÓN:**
Cine do Poboado do Fontao
Fontao, Vila de Cruces,
Pontevedra, Galicia, CP: 36583

**Máis información:**
www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org
Consulta os materiais en http://consellodacultura.org/mediateca

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

MINAS DA BREA
ASOCIACIÓN VECIÑAL